



## ► Instruccións para cumprimentar a solicitude

---

► **Datos solicitante.** O solicitante será o interesado no expediente, dependendo deste o solicitante será:

- O obrigado ao pagamento nos expedientes de ingresos tributarios
- O solicitante da licencia ou autorización nos expedientes urbanísticos
- O licitador ou contratista nos expedientes de contratación

► **Datos representante.** Só se cumprimentarán estes datos cando a persoa solicitante actúe a través dun representante asignado. En caso de persoas xurídicas (representación legal) a representación deberá acreditarse con poder bastante, mediante documento público ou privado con sinatura debidamente lexitimada notarialmente ou por comparecencia. En caso de persoas físicas (representación voluntaria), bastará con que o **representante asine** esta solicitude, **xunto co solicitante** no espacio reservado para elo, e acheguen **copia dos NIF**.

► **Garantía depositada para responder de:** deberá identificar o procedemento polo que se lle esixiu depositar a fianza, que será:

- Nas obrigas tributarias, deberá identificar a débeda indicando o concepto, ano contía e número de recibos/liquidacións ou o número de expediente.
- Nas obrigas contractuais, deberá identificar o contrato, co nome e código do expediente.
- Nas obrigas urbanísticas, identificará o procedemento indicando o nome e código do expediente.

Indicarase se a garantía é provisora ou definitiva (será definitiva para procedementos de obrigas tributarias) e a súa forma de constitución (en metálico, aval u certificado de seguro) e, de ser o caso a entidade avalista. Poderá omitir estes datos se achega copia da carta de pagamento que se lle entregou no momento de constituír a garantía.

Se a garantía se constituíu en metálico (en cartos), indique os 20 díxitos da conta para, no seu caso, se lle efectúe a devolución mediante transferencia bancaria. Deberá achegar acreditación da titularidade da conta bancaria expedido pola propia entidade bancaria.

Se a garantía deriva da concesión de licenza urbanística, achegará copia da licenza das obras garantizadas ou licenza de primeira ocupación, segundo o caso.

## ► Tramitación

---

Se a solicitude ou a documentación presentada tiveran algún defecto, ou non se achegara toda a documentación precisa, concederáselle ao interesado o prazo de dez días para que subsanen as deficiencias, advertíndolle que transcorrido ese prazo sen que o faga, arquivarase a solicitude sen máis trámites.

Para a devolución da fianza que se solicita será necesario o correspondente acto administrativo de autorización dictado polo órgano municipal competente segundo o suposto de que se trate,

## ► Normativa reguladora

---

Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Real decreto 520/2005, de 13 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003 en materia de revisión en vía administrativa.

Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.